


Documento de actividades (2021-2026)



AXUNTAR

Neste documento presentamos -de forma resumida- as actividades que asta agora levou a cabo a Asociación Axuntar, desde a súa constitución (27 agosto 2021) asta marzo de 2026:

1. A Biblioteca. A nosa actividade “estrela”. Creada xa desde el inicio da nosa asociación, a partir de donacións, regalos e compras, a Biblioteca -que recibiu por votación popular el nome de **Biblioteca Popular Manolo Marinero**-, ve medrando á espera de contar con un local nel que asentarse.

2. Campaña de intercambio de libros, «bookcrossing»: colocación de casías de libros ceibes, nas localidades de Boal, Os Mazos, Prelo, Castrillón, El Llombatín, Navia de Suarna (Lugo) e Urueña (Valladolid), en anos sucesivos. (Temos prevista a colocación doutras casías en territorios galegofalantes: Cacabelos -O Bierzo-, nalgún lugar do Val do Ellas -Cáceres- e nalgún punto de Zamora). Nel alto da **Verrugueira**, en Boal, habilitouse úa pequena caseta de cemento en setembro del 2023, que taba en desuso e abandonada, como “biblioteca” de portas abertas. Dentro dela hai libros de todo tipo que as persoas del territorio ou as que por alí pasen poden coller e onde tamén poden deixar libros pra compartir. Nel sou interior hai tamén un buzón nel que recollemos textos sobre os libros e as bibliotecas.



3. A páxina web, a nosa ventá al mundo, con contidos variados:

Cursos de:

1- Iniciación á lingua portuguesa: un cursín preparado, pra animar a estudar esta lingua xa que nel Eo-Navia temos moito camiño andado.

2- Iniciación al galego normativo. Un curso para iniciarse nel galego oficial e que os e as habitantes del Eo-Navia podan animarse a presentarse aos cursos CELGA da Comunidade galega que abren moitas portas a nivel cultural e, sobre todo, laboral.

3- Introducción á análise dos textos poéticos. Aprendemos cómo comentar un texto poético pero tamén as regras básicas que compoñen a poesía.

4- Introducción á análise dos textos narrativos. Aprendemos cómo comentar un texto narrativo pero tamén as regras básicas que compoñen a narración.

5- Creación de haikus.

6- Escritura creativa “Papel en branco”, coel resultado dun librin cos textos realizados durante a realización del curso.

Todos os cursos foron realizados coel programa I-Spring



suite plus que mercamos gracias á subvención que nos concedeu el Ministerio de Cultura por el proxecto “*Panqueixa, que oxalá floreza mil primaveras máis*”.

Entrevistas: a Viqui Veiguela (filóloga e escritora en galego, vecía da Veiga), Rodrigo Cuevas (dinamizador cultural), al ceramista Javier Cancio (creador das nosas folgueiras en cerámica), a Jaione Camborda (directora del filme *O cornu*), a Fernando Castro Paredes (escritor tapieiro que gañou el premio “Galaxia de novela 75 aniversario”).

Artigos de opinión: artigos diversos de varios autores e autoras sobre temas de actualidade, sobre as linguas e, en particular, sobre a nosa lingua galega.

Celebracións: día del libro, día das Letras galegas, día da Paz, Día da Lingua Materna, Antroiro, 8M.

Toponimia: orixe e significado de moitos dos nosos topónimos e microtopónimos. Contamos tamén cun centro de vixilancia de topónimos deturpados, castelanizados e/ou asturianizados.

El noso patrimonio: cultural, natural.

Os nosos escritores e as nosas escritoras: poemas e relatos de autores eonaviegos, premios literarios.



Libros: recomendacións lectoras.

Cine: recomendacións filmicas.

Carteleiría: carteles, tarxetas, diplomas, calendarios e as “nosas píldoras”, que se poden ver, compartir, imprimir...

Xogos: enigmas, greguerías, refráis con pictogramas, marcapáxinas, adoptamos úa palabra, el cofre dos tesouros, Wordle, soletreando... e xogos pra levar aos centros de ensinanza animando a usar a nosa lingua.

Buzón de queixas: se teís algúas queixa relacionada coa lingua... temos un buzón nel que deixar comentarios. Axuntar daralle voz.

Trabadeladas: úa nova sección creada en 2026 na que Pablo Trabadelo Vilabrilles nos conta as “súas cousas”.

4. Presentación dos nosos Informes:

I informe: “Informe sobre a lingua del Eo-Navia. Sen fronteiras: galego de Asturias”, en Boal el 8 de outubro de 2022 e na Veiga el 27 decembre dese mesmo ano.

II informe: “II informe lingüístico del Eo-Navia. As



linguas románicas. Bilingüismo en Asturias”, en Boal el 28 de outubro del 2023 e en Santalla de Ozcós el 29 de outubro dese mesmo ano.

III informe: “A lingua del Eo-Navia. Apuntes sobre el galego de Asturias. A lingua galega en Asturias: úa batalla entre datos científicos e presiois extralingüísticas”, en Castropol, 2 de novembro 2024.

5. Entrega dos Premios Folgueira:

I Premio Folgueira 2023 a Benigno F. Braña, Juan Carlos Riopedre Villa e Rodrigo Cuevas. En Boal el 28 outubro 2023.

II Premio Folgueira 2024 a Xoán Babarro e Carlos Varela Aenlle. En Castropol, 2 de novembro 2024.

III Premio Folgueira 2025 a Meilán García e Xabier Fortes, nel Club de Prensa de La Nueva España de Oviedo, el 14 de novembro 2025.

6. Actividades de Axuntar con outras asociaciois e colectivos:

Con **Fórum Boal**, asociación cívica que traballa nel ámbito socio-cultural de Boal, enviando poemas para



seren escritos sobre llouzas nel día da poesía, dentro da actividade “Camíos entre versos e llouzas” el día da poesías (21 de marzo de 2021 e de 2022).

Na **Pitafesta**, festival artístico en As Lleiras -Boal-, dous anos consecutivos (2022 e 2023), con dúas exposicións fotográfico-literarias (*Éi tán, as portas de Boal* e *Haikus prá nosa terra*) e participando en mesas redondas.

Participamos con poemas e microrrelatos na **actividade “Manifiesto de arte pola Terra”**, en 2022.

Coa **Irmandade navega**, asociación veciñal de Navia de Suarna -Lugo-, a quen lle levamos -el 30 de agosto de 2024- dous regalos: úa casía lectora pra que Navia de Suarna tamén se apunte al movemento internacional del «bookcrossing»; e un lote de libros. Colocamos a casía lectora na praza central da vila e despós fixemos úa lectura poética na beira del río que nos une -el Navia- e na lingua que nos une -el galego-.

Cos **Nabos de Gracián**, grupo literario de Castroverde -Lugo-. Actividade poética na Cantina de Castrillón el 1 de xuño de 2025, con lectura de textos e xogos lingüísticos organizados por Inma Méndez Freije.

Con **Asturies feminista**, colaborando na tradución dos manifiestos del #8M al galego en 2025 e 2026.



Coa **Asociación Retina** de Asturias. Participación en diversas actividades de Axuntar e regalo de dous libros en braille en 2024 e 2025: *Escolma de poemas e microrrelatos del Eo-Navia* e *Ferve que ferve. Un receitairo del Eo-Navia*, entregados a Andrés Mayor, presidente da Asociación.

Con **Xente de Ozcos-Eo**, participando en traducións ao galego das súas reivindicacións.

7. Presentación na Residencia de maiores de Boal, el 23 de agosto de 2024, ante usuarios, cuidadores e membros de Axuntar, dun librin en papel, sonoro (cd) e en braille: *Escolma de poemas e microrrelatos del Eo-Navia*. Acompañáronnos tamén tres membros da **Asociación Retina** de Asturias, entre eles Andrés Mayor, el seu presidente.

8. Exposicións:

Ei tán, as portas de Boal, que combina escritura creativa -en castelán e galego de Asturias- e fotografía, na Casa da Cultura de Boal el 10 de xullán de 2021. Tamén se colocou esta exposición na Veiga, na Casa da Cultura, del 12 al 19 de agosto dese mesmo ano. E na Pitafesta, en 2022.

Na **exposición “Nía”**, en homenaxe á muller del



Eo-Navia, na Veiga, Axuntar colaborou con fotografías, el 16 de xunio de 2022.

Haikus prá nosa terra, exposición de poemas breves e fotografías, realizada en Boal, Castropol e na Pitafesta en 2023.

9. Acción poética:

Nel Llobatín onde escribimos frases (“*Chove seña dá*”) nas louxas del Camín dos volos e tamén núa das paredes del sou lavadeiro as frases de Acción poética: “*Cuidado cos medos: encántalles roubar soños*”, el 18 de agosto de 2024.

Na vila lucense de Navia de Suarna realizamos tamén úa “**Acción poética**”, escribindo un mural coa frase “Aí vén o maio de flores cuberto”, el 30 de agosto de 2024.

10. Carteles poéticos e informativos, colocados en anos sucesivos nos lavadeiros de Boal, Castrillón, Villar de Bullaso, e Prelo sobre as mulleres e a súa relación coel auga e tamén con textos poéticos e informativos.

11. Mural del mel, el 18 de outubro 2025, nel parque dos



emigrantes de Boal realizado polo colectivo Chinelas, con palabras “melíferas” e un pequeno poema de Miguel Mingotes:

*As abellas
fain flores.*

12. Calendarios coas palabras del mes, realizados xa durante tres anos consecutivos (2024, 2025 e 2026).

13. Rutas literarias:

Ruta por El Llobatín fendo lectura de poemas, en agosto de 2024.

Paseo polo río Navia na barca Andolía con lectura de textos, el 27 de agosto de 2025. Asistencia dun grupo numeroso de persoas.

Ruta polo Camín dos volos el 27 de agosto de 2025, desde el Llobatín a Bullaso, colocando nas árbores textos poéticos de “**Militancia poética**” escritos sobre táboas de madeira.

14. Campañas:



“**Cóntanos un conto?**”, 2022, na nosa web, invitando a participar núa recompilación de contos populares nel Eo-Navia.

Campaña de animación, tamén na web, para usar a nosa lingua, 2022: “**Disfruta da túa lingua: chucha, escribe e le**”.

“**Pararles os pés**”: campaña solicitando axuda económica para acudir aos tribunais debido al uso ilegal que el goberno asturiano fai da denominación “eonaviego” como glotónimo da nosa lingua (4.255 euros conseguidos). Comenzada en abril 2024 e rematada en xunio dese mesmo ano.

15. Participacións en congresos:

Natalia Jardón participou na xuntanza coel Comité de expertos del Consello de Europa en Madrid, en xaneiro de 2024.

Dous membros de Axuntar (Natalia Jardón e Quique Roxíos) participaron nel *I Congreso VulneRom: vulnerabilidades sociolingüísticas en el espacio romance*, os días 19 e 20 xunio de 2025 na UniOvi.

16. Colaboración de Axuntar na publicación poética del libro ***Rellustros***, de Marta Méndez Quintana.



Presentación del poemario nel Acougo de Pitasana (Boal), el 30 de decembre de 2023; e na librería Eixo de Ourense, el 12 de decembre del 2024.

17. Entrega floral el día de Todos os Santos del 2024 nel Cemiterio de Castropol ante a tumba de Manolo Marinero, membro da BPC de Castropol e escritor que dá nome á nosa biblioteca.

18. Quique Roxíos, poeta e dinamizador cultural del Eo-Navia, orixinario de Boal, membro da directiva de Axuntar, escribiu el pregón da Feira del libro de Ribadeo 2024, "Letras no campo" que foi lido por Anxo de Madanela -en ausencia del sou autor-.

19. A poesía en galego de Asturias, da mao de Quique Roxíos e Marta Méndez Quintana, com poemas en galego de Asturias que foron lidos nos actos de **homenaxe a Kontxa Murgia** en 2023 e 2025 en Oiartzun. En 2026, leuse un de Paloma García Méndez, tamén en galego, en Trintxerpe e Errenteria.

20. "Poetas pola vida", vídeos poéticos contra as guerras, que subimos á nosa web e ás Redes Sociales (facebook, instagram e X) nel ano 2026.



21. Píldoras axuntarianas. Vídeos breves con úa serie de frases pra erradicar prexuízos e mentiras, que subimos á nosa web e ás Redes Sociales (facebook, instagram e X), nel ano 2026.

22. Colaboración de diversos membros da Asociación coa revista lucense Xistral nel ano 26 e pral próximo 27, con envío de poemas en galego de Asturias.

23. Entrevistas realizadas a membros de Axuntar en emisoras de radio, TPA e prensa escrita: Galiportus, Onda Cero Luarca, ORTP, Ser Occidente, Radio Burela, Radio Costa Viva...

24. Reuniois con grupos políticos e con autoridades asturianas: PodemosAsturias, Antón García...

25. Lecturas poéticas:

Na ruta a Penácaros desde Villanova (Boal), lectura e colocación de poemas que acompañaron un mapa toponímico del monte realizada por Óscar Méndez de Miñagón, en 2022.



En **Urueña**, con poemas e textos en galego de Asturias lidos nel Centro E-Lea da Villa del libro, el 22 de marzo de 2025.

26. Marta Méndez Quintana, gañadora del 2º premio “Anduriña voandeira” 2024 por seis poemas en galego de Asturias que integran el apartado *Faragullas*.

27. II Xornadas da lingua e da cultura galega de Asturias, el 12 de decembro de 2025, na universidade de Uviéu. Continuación das I Xornadas levadas a cabo pola Mesa pola defensa del galego de Asturias (MDGA) nos anos 90.

28. Participación na campaña “Lingua vital, xa” celebrada en Santiago de Compostela el 14 de marzo de 2026. Centenares de persoas concentráronse na Praza da Quintana pra respaldar, de forma unánime, el Protocolo Lingua Vital, un documento que aspira a converterse na folla de ruta colectiva fronte á crise del idioma galego. Sindicatos, asociacións vecinales, entidades culturais, colectivos diversos, organizacións empresariales e deportivas, entre outros moitos sectores, arrouparon a proposta impulsada pola plataforma *Queremos Galego*.



29. Participación de Natalia Jardón, presidenta de Axuntar desde febreiro de 2026, nos “25 anni di studi galeghi a Padova”, coel artigo “Os que sobran: achegamento crítico á situación do galego en Asturias”. Comparecencia on line el 16 de abril de 2026.





www.axuntar.eu

